

**ASPECTOS EVOLUTIVOS DO PENSAMENTO  
E DA LINGUAXE**

**CURSO ACADÉMICO 2009-2010**

**CURSO 2º. ESPECIALIDADE: AUDICIÓN E LINGUAXE.  
CÓDIGO: 65241120**

**DEPARTAMENTO: PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E DA  
EDUCACIÓN**

**PROFESORA: ROSA SANTÓRUM PAZ**

## **OBXECTIVOS XERAIS**

1. Sensibilización ante o propio proceso de aprendizaxe e implicación activa no proceso de construción de significados.
2. Analizar e valorar diferentes aspectos relativos ás relacións entre o pensamento e a linguaxe.
3. Coñecer as principais teorías que se propuxeron para explicar as relacións entre o pensamento e a linguaxe.
4. Ser conscientes da complexidade dos nosos procesos de pensamento e comprender os problemas de separar linguaxe e pensamento.
5. Valorar as implicacións e efectos que poden ter os diferentes contextos de desenvolvemento na adquisición, evolución e uso da linguaxe nos seres humanos.
6. Coñecer e valorar a importancia dos diferentes contextos educativos de cara ao coñecemento da linguaxe escolar.
7. Examinar as implicacións educativas das diferenzas na conduta lingüística.
8. Analizar se o sexismo da linguaxe inflúe no pensamento.
9. Recoñecer a existencia de diferenzas individuais. Recoñecer e valorar criticamente as diferenzas rexeitando a discriminación baseada en diferenzas de sexo, clase social, crenzas, raza e outras características individuais e sociais. Aceptar e valorar a diversidade.
10. Desenvolver técnicas e actitudes favorábeis á cooperación e intercambio con outros e outras compañeiros e compañeiras e con outros/as profesionais en orde a lograr un desenvolvemento integral e harmónico do individuo.
11. Construír e exercitar unha metodoloxía baseada na participación activa, crítica e creativa para a construción da propia aprendizaxe e na avaliación dos propios procesos da aprendizaxe tanto no que se refire a principios, conceptos e procedementos como ás actitudes e valores formados.
12. Utilizar técnicas de traballo e estudo que permitan a procura de información relevante e necesaria, tanto para a análise dos problemas escolares como para a súa formación permanente.

## **CONTIDOS CONCEPTUAIS (TEMARIO)**

### **PARTE I. AS RELACIÓNS ENTRE O DESENVOLVEMENTO DO PENSAMENTO E DA LINGUAXE.**

#### **TEMA 1. APROXIMACIÓN CONCEPTUAL AO PENSAMENTO E A LINGUAXE**

1. Procesos cognitivos. 2. Pensamento. 3. Linguaxe. 4. Adquisición formación de conceptos.

#### **TEMA 2. AS RELACIÓNS ENTRE O PENSAMENTO E A LINGUAXE. TEORÍAS CLÁSICAS.**

1. Introducción. 2. Teorías clásicas. 2.1. J.B. Watson e a fala subvocal. 2.2. N. Chomsky: a especificidade da linguaxe. 2.3. S. Sapir e B.L. Whorf: o relativismo lingüístico.

#### **TEMA 3. AS RELACIÓNS ENTRE O PENSAMENTO E A LINGUAXE. L.S. VYGOTSKY.**

1. Introducción. 2. Pensamento e linguaxe. 3. O papel regulador da linguaxe na formación da conciencia.

#### **TEMA 4. AS RELACIÓNS ENTRE O PENSAMENTO E A LINGUAXE. J. PIAGET. E A ESCOLA DE XENEBRA.**

1. A linguaxe e o pensamento. 2. A función simbólica. 3. Linguaxe e operacións. 4. Obxeccións á explicación piagetiana da linguaxe. 5. Implicacións educativas da teoría de Piaget.

### **PARTE II. CONTEXTOS DO DESENVOLVEMENTO E ADQUISICIÓN DA LINGUAXE E INTERACCIÓN EDUCATIVA.**

#### **TEMA 5. ORIXE E DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS DA LINGUAXE.**

1. Introducción. 2. As orixes da comunicación. 3. As funcións da linguaxe verbal. 4. Comunicación e diálogo.

#### **TEMA 6. A CONSTRUCIÓN DA LINGUAXE: MARCO LINGÜÍSTICO FAMILIAR.**

1. Introducción. 2. A linguaxe adulta dirixida ao neno/a. 3. Retroalimentación verbal. 4. O papel da imitación. 5. As interaccións verbais entre nenas e nenos.

#### **TEMA 7. LINGUAXE, CLASE SOCIAL E EDUCACIÓN**

1. Introducción. 2. Bernstein e a teoría dos códigos sociolingüísticos. 3. Labov e a escola da dialectoloxía americana. 4. Situación actual.

#### **TEMA 8. O SEXISMO NA LINGUAXE.**

#### **TEMA 9. O CONTEXTO LINGÜÍSTICO DA EDUCACIÓN**

1. Introducción. 2. Interaccións verbais na Educación Infantil. 3. Interaccións verbais na Educación Primaria. 4. Interaccións verbais na aula en función do sexo.

Ademais destes *contidos conceptuai* é preciso facer mención dos contidos de procedementos, actitudes, valores e normas.

Son **Contidos de Procedementos**, a nivel xeral, os seguintes: comentarios de textos, resúmenes, sínteses, recensión de textos, confección dun arquivo bibliográfico de algún tema, observación do neno/a en canto a rexistro, análise de datos e comunicación dos resultados, e técnicas de discusión e traballo cooperativo.

As Actividades correspondentes a estes Contidos inclúense xunto co desenvolvemento de cada tema. Algunhas destas **actividades Prácticas**, de carácter obrigatorio, faranse na Aula, mentres que a realización de outras suporá un traballo fora da aula.

En canto aos **Contidos de Actitudes, Valores e Normas** é importante que o alumnado de 2º de Maxisterio aprenda a ser reflexivo e crítico coas súas propias ideas e accións, que teña tendencia a tomar decisións e a valorar os coñecementos adquiridos e o proceso realizado, que valore a cooperación e capacidade de comunicarse con outras persoas, que se amose esixente na realización dos seus propios traballos e que tome responsabilidades nos procedementos que emprende e que implica a outras persoas.

## METODOLOXÍA DIDÁCTICA E SISTEMA DE AVALIACIÓN

### A. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A planificación de cómo ensinar é unha cuestión clave de todo Proceso de Ensino/Aprendizaxe directamente relacionada coa necesidade de que o alumnado realice aprendizaxes significativas para apropiarse dos contidos da materia necesarios para a súa formación. Tendo en conta esta breve consideración presentamos a continuación os distintos procedementos e instrumentos que, de forma xenérica, se utilizarán na aula.

- a. **Presentación do Curso e Enquisa sobre o estado inicial do alumnado** que nos permitirá situarnos na propia realidade do noso alumnado (expectativas, intereses, coñecementos previos...) vendo a adecuación da nosa programación aos seus intereses e necesidades concretas.
- b. **Lección Maxistral/Ensino Expositivo** que pretende interesar ao alumnado sobre determinados contidos adaptando a información aos coñecementos que posúen, resaltando as relacións entre as súas ideas e a nova información, suscitando preguntas que sirvan para abrir novas vías para a reflexión e análise. É importante que estas leccións sexan *interactivas* promovendo en todo momento que o alumnado interveña comunicando as súas dúbidas, opinións e reflexións.
- c. **Lecturas Complementarias** que completen a lección maxistral, xa que a información que o alumnado obtén é máis elevada e con matices diversos. Por tanto propiciárase a lectura individual fora do horario escolar, recomendando algún artigo ou monografía relacionados con algún dos apartados do temario.
- d. **Discusión en pequenos grupos** que poden versar sobre algunhas cuestións traballadas fora da

clase, de documentos monográficos ou artigos ou, polo contrario, acerca dalgún aspecto que a Profesora saque a colación durante a lección maxistral. A exposición das conclusións alcanzadas por cada grupo de traballo deberán ser expostas por unha persoa portavoz que será rotatoria, de modo que se poida facilitar que o alumnado perda o medo a expresarse en público e sexa capaz de facelo de forma clara e sistemática.

- e. **As Tutorías** que serven para resolver dúbidas, ampliar información ofrecendo bibliografía complementaria, supervisar e guiar as prácticas da materia, guiar a aprendizaxe autónoma do alumnado, revisar exames, etc.

## B. SISTEMA DE AVALIACIÓN

A avaliación é o proceso polo que se xulgan os resultados da aprendizaxe en relación cos obxectivos e contidos educacionais propostos, de aí que avaliaremos tanto o alumnado, o programa proposto como á profesora.

### a. Avaliación do Alumnado

Para Avaliación preséntanse dúas opcións:

**A)** Para o alumnado que asine a folla do contrato de avaliación. Este alumnado avaliarase dos *contidos conceptuais e procedimentais* tendo en conta os requisitos seguintes:

1. Asistir a clase todos os días como contexto no que se realiza o proceso de ensino/aprendizaxe (só se poderá faltar 6 horas en total)
2. Facer unha lectura previa dos temas, artigos, documentos, etc. que se van a traballar ao día seguinte, así como un borrador das actividades correspondentes.
3. Responsabilizarse co traballo individual e de grupo, é dicir, participar activamente en todas as actividades suxeridas.
4. Desenvolver actitudes favorábeis á cooperación e intercambio con outras compañeiras e compañeiros.
5. Utilizar estratexias de aprendizaxe que permitan á busca de información necesaria para a súa formación.
6. Presentar un informe ao final do cuadrimestre de todas as actividades realizadas dentro e fora da aula.

**B)** Para o alumnado que non opte pola opción anterior:

A avaliación dos *contidos conceptuais* realizarase mediante unha proba que versará sobre o temario, e cualificarase de 1 a 10 puntos. Esta proba avaliativa elaborárase en base a preguntas cortas e/ou preguntas de resposta múltiple.

A avaliación dos *contidos procedimentais* realizarase en función do **Informe Final das Actividades Prácticas** que o alumnado (*en grupo non superior a 4 persoas*) deberá presentar ao finalizar o cuadrimestre. Neste Informe deberán incluírse todas as actividades que aparecen no desenvolvemento de cada tema, e a súa presentación é obrigatoria para aprobar a materia.

Para a avaliación dos *contidos* referidos a *actitudes, valores e normas* terase en conta o traballo na aula individualizado e en grupo así como a participación na clase.

## b. Avaliación da Profesora e do Programa

A valoración da Profesora realizarase a través da propia observación pero, e sobre todo, será o propio alumnado o que realice esta avaliación, a través dunha enquisa sobre a planificación e preparación do curso, a eficacia, as relacións entre a metodoloxía e contidos, o clima social na aula... Estas avaliacións permitirán comprobarmos o funcionamento da clase e do proceso de ensino/aprendizaxe.

## BIBLIOGRAFÍA

- AGUADO, G. (1995): *El desarrollo del lenguaje de 0 a 3 años. Bases para un diseño curricular en la Educación Infantil*. Madrid: CEPE.
- BELINCHON, M., RIVIÈRE, A. e IGOA, J.M. (1992): *Psicología del lenguaje. Investigación y teoría*. Madrid: Trotta.
- BOADA, H. (1986): *El desarrollo de la comunicación en el niño*. Barcelona: Anthropos.
- BRONCKART, J.P. e outros (1978): *La génesis del lenguaje*. Madrid: Pablo del Rio.
- BRONCKART, J.P. (1980): *Teorías del lenguaje*. Barcelona: Herder.
- BRONCKART, J.P. (1981): Procesos y estructuras del desarrollo del lenguaje. *Infancia y Aprendizaje*, Monografía, 1, 85-103.
- BRUNER, J. (1981): De la comunicación al lenguaje: una perspectiva psicológica. *Infancia y Aprendizaje*, Monografía, 1, 133-163.
- BRUNER, J. (1982): *Los formatos de adquisición del lenguaje*. Madrid: Alianza Psicología.
- BRUNER, J. (1982): *Acción, pensamiento y lenguaje*. Madrid: Alianza.
- BRUNER, J. (1986): *El habla del niño*. Barcelona: Paidós.
- BUENO, J.J. e CLEMENTE, M. (1991): El lenguaje oral de los niños de 3 a 10 años desde la perspectiva funcional. *Comunicación, Lenguaje y Educación*, 10, 31-46.
- BUXO REY, M.J. (1988): *Cognición, lengua e ideología cultural*. Barcelona: Anthropos.
- CALERO, M<sup>a</sup> A. (1999): *Sexismo lingüístico. Análisis y propuestas ante la discriminación sexual en el lenguaje*. Madrid: Narcea.
- CARRANZA, J.A., PEREZ, J. e BRITO, A.G. (1985): Noción de intermediario y actos comunicativos en niños pre-lingüísticos. *Anuario de Psicología*, Vol. 32, 1, 57-72.
- CROMER, R. (1981): La versión débil de la hipótesis cognitiva sobre la adquisición del lenguaje. *Infancia y Aprendizaje*, Monografía, 1, 165-186.
- CHOMSKI, N. (1971): *El lenguaje y el entendimiento*. Barcelona: Seix Barral.
- DALE, P.S. (1980): *Desarrollo del lenguaje*. México: Trillas.
- DELVAL, J. (1981): La evolución de los estudios sobre la adquisición del lenguaje. *Infancia y Aprendizaje*, Monografía, 1, 3-8.
- FRAUENGLASS, M.H. e DIAZ, R.M. (1987): La función autorreguladora del habla privada infantil: un análisis crítico de recientes discusiones de la teoría de Vygotsky. *Infancia y Aprendizaje*, 3, 103-114.
- GARCIA MESEGUER, A. (1988): *Lenguaje y discriminación sexual*. Barcelona: Montesinos.
- GARCIA MESEGUER, A. (1994): *¿Es sexista la lengua española? Una investigación sobre el*

- género gramatical*. Barcelona: Paidós.
- GARTON, A.F. (1994): *Interacción social y desarrollo del lenguaje y la cognición*. Barcelona: Paidós.
- HALLIDAY, M.A.K. (1975): *Exploraciones sobre las funciones del lenguaje*. Barcelona: Médica-Técnica.
- HERNANDEZ PINA, F. (1979): Etapas en la adquisición del lenguaje infantil. *Infancia y Aprendizaje*, 8, 23-32.
- HERNANDEZ PINA, F. (1981): Adquisición del lenguaje infantil: etapa del balbuceo. *Infancia y Aprendizaje*, Monografía, 1, 71-84.
- HERNANDEZ PINA, F. (1984): Actitudes lingüísticas parentales y desarrollo del lenguaje infantil. *Infancia y Aprendizaje*, 25, 35-60.
- ISSACHAROFF, M. e MADRID, L. (1994): *Pensamiento y lenguaje. El cerebro y el tiempo*. Madrid: Fundamentos.
- LANGER, J. (1984): La formación de conceptos y símbolos en los niños pequeños. *Infancia y Aprendizaje*, 25, 19-34.
- LUQUE, A. e VILA, I. (1990): Desarrollo del lenguaje. En J. Palacios, A. Marchesi e C. Coll (Comps.): *Desarrollo psicológico y educación, I. Psicología Evolutiva*. Madrid: Alianza.
- LURIA, A.R. e YUDOVICH, F.IA. (1979): *Lenguaje y desarrollo intelectual en el niño*. Madrid: Pablo del Rio.
- LURIA, A.R. (1980): *Conciencia y lenguaje*. Madrid: Pablo del Rio.
- LURIA, A.R. (1985): *Pensamiento y lenguaje*. Barcelona: Martínez Roca.
- MCKENNA, A. (1980): El papel del adulto en el lenguaje del niño. *Infancia y Aprendizaje*, 9, 87-93.
- MIRAS, M. (1984): Lenguaje y clase social en la infancia. En M. SIGUAN: *Estudios sobre psicología del lenguaje infantil*. Madrid: Pirámide.
- MONFORT, M. e JUAREZ, A. (1980): *El niño que habla*. Madrid: Nuestra Cultura.
- MUÑOZ, T. (1983): Las intenciones comunicativas de los niños: estudio de dos casos. Un enfoque pragmático. *Infancia y aprendizaje*, 24, 19-23.
- OLERON, P. (1981): *El niño y la adquisición del lenguaje*. Madrid: Morata.
- ORTIZ, T. (1995): *Neuropsicología del lenguaje*. Madrid: CEPE.
- PERAITA, H. (1986): Desfase entre la producción y la comprensión del léxico en niños de 24 a 36 meses de edad. *Infancia y Aprendizaje*, 35-36, 11-24.
- PEREZ MONTERO, C. (1995): *Evaluación del lenguaje oral en la etapa 0-6 años*. Madrid: Siglo XXI.
- PEREZ PEREIRA, M. (1988): La atención a factores intralingüísticos en la adquisición del lenguaje. *Estudios de Psicología*, 33/34, 211-228.
- PEREZ PEREIRA, M. e CASTRO, J. (1990): Adquisición da linguaxe en preescolar e no ciclo inicial. *Cadernos de Psicoloxía*, 8, 34-42.
- PERINAT, A. (1986) (Ed.): *La comunicación preverbal*. Barcelona: Avesta.
- PIAGET, J. (1976): *El lenguaje y el pensamiento en el niño*. B. Aires: La Pléyade.
- QUENTEL, J.C. (1978): La acción del entorno sobre el desarrollo del lenguaje infantil. *Infancia y Aprendizaje*, 3, 55-65.
- RAMIREZ, D. (1987): Desarrollo del lenguaje y control de las acciones. En torno a la regulación verbal. *Infancia y Aprendizaje*, 37, 71-90.
- RENAU, M.D. (1981): *Los inicios del lenguaje y la comunicación en el niño*. Madrid: Nuestra Cultura.
- RICHELLE, M. (1981): *La adquisición del lenguaje*. Barcelona: Herder.
- RIVIERE, A. (1990): Origen y desarrollo de la función simbólica en el niño. En J. Palacios, A. Marchesi e C. Coll (Comps.): *Desarrollo psicológico y educación, I. Psicología Evolutiva*.

- Madrid: Alianza.
- RODRIGUEZ, D., MONTAGNER, H., RESTOIN, A., SCHAAL, B. e ULLMAN, V. (1984): La etología del niño y el estudio de los sistemas de comunicación no verbales. *Infancia y Aprendizaje*, 25, 61-79.
- RONDAL, J.A. (1980): *Lenguaje y educación*. Barcelona: Médica-Técnica.
- RONDAL, A. (1984): El papel del entorno en la adquisición del lenguaje en el niño. *Revista de Logopedia y Fonoaudiología*, 1 (4), 20-26.
- RONDAL, J.A. (1990): *La interacción adulto-niño y la construcción del lenguaje*. México: Trillas.
- SANCHEZ ZABALA, V. (1981): Sobre la adquisición del lenguaje: lingüística y psicolingüística. *Infancia y Aprendizaje*, Monografía, 1, 9-14.
- SHUM, G. (1988): La influencia del contexto de la interacción en la adquisición del lenguaje. *Infancia y Aprendizaje*, 43, 37-54.
- SIGUAN, M. (1978): De la comunicación gestual al lenguaje verbal. *Infancia y Aprendizaje*, 3, 19-42.
- SIGUAN, M. (1979): *Lenguaje y clase social en la infancia*. Madrid: Pablo del Río.
- SIGUAN, M. (1984): *Estudios sobre psicología del lenguaje*. Madrid: Pirámide.
- SINCLAIR DE ZWART, H. (1978): *Adquisición del lenguaje y desarrollo de la mente*. Barcelona: Oikos-Tau.
- SINCLAIR DE ZWART, H. (1982): *Fundamentos del desarrollo del lenguaje*. Madrid: Alianza.
- TRIADO, C. e FORNS, M. (1989): *La evaluación del lenguaje. Una aproximación evolutiva*. Barcelona: Anthropos.
- VIGOTSKY, L.S. (1977): *Pensamiento y lenguaje*. B. Aires: La Pléyade.
- VILA, I. (1984): Del gesto a la palabra: una explicación funcional. En J. Palacios, A. Marchesi e M. Carretero (Comps.): *Psicología evolutiva, 2. Desarrollo cognitivo y social del niño*. Madrid: Alianza Psicología.
- VILA, I. e ELGSTROM, S. (1987): Imitación y adquisición del lenguaje. *Infancia y Aprendizaje*, 38, 1-8.
- VILA, I. (1990): *Adquisición y desarrollo del lenguaje*. Barcelona: Graó.
- VILA, I. (1990): Adquisición del lenguaje. En J. Palacios, A. Marchesi e C. Coll (Comps.): *Desarrollo psicológico y educación, I. Psicología Evolutiva*. Madrid: Alianza.
- VILLIERS, P.A. e VILLIERS, J.G. (1980): *Primer lenguaje*. Madrid: Morata, Serie Bruner.
- WALLON, H. (1965): *Los orígenes del pensamiento en el niño*. B. Aires: Lautaro.
- WALLON, H. (1974): *Del acto al pensamiento*. B. Aires: Psique.
- ZAPOROZET, A.V. e LISINA, M.I. (1986): *El desarrollo de la comunicación en la infancia*. Madrid: G. Núñez Editor.